

Rosalía por outros ollos

Un espectáculo audiovisual, a súa gravación e un libro con textos desiguais remiraron a autora e figura fundacional da literatura galega // *Dolores Vilavedra*

Rosalía 21 é un ambicioso proxecto interdisciplinario promovido pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural do Goberno bipartito, ao coidado de Anxo Angueira, que pretende reler a autora “á luz de novas claves interpretativas e desde novos modelos estéticos”, e facelo “con ollos distintos e voces novas”. O proxecto desenvólvese en tres soportes distintos: un espectáculo audiovisual que percorreu a Galicia interior e a da diáspora, un disco coas gravacións dese espectáculo e o libro que aquí imos comentar. Mágoa que este non vaia acompañado dun CD coas devanditas gravacións que puidesen proporcionar-lles aos lectores que non gozaron do espectáculo a ocasión de facelo, aínda que fose en diferido. *Rosalía 21* queda así, tal e como chega ás nosas mans, nun libro máis. Iso si, un libro polilingüe, posto que os orixinais galegos van seguidos polas respectivas traducións ao inglés, francés e castelán: quizais optar por menos versións permitiríalles aos autores e autoras un maior espazo para desenvolveren as súas argumentacións, que nalgúns casos resultaría ben necesario. Coido que unha lingua románica e outra xermánica abondarían para difundir esta obra entre o público interesado: o francés resulta, nesta ocasión, redundante.

A xenerosidade de Edicións Xerais ao apostar pola tapa dura, e a actualidade do deseño (e das fotos) de Uqui Permui, son eficaces tarxetas de presentación das “novas voces e sensibilidades” que se achegan a Rosalía, pero tamén da importancia desta en tanto “figura fundacional da literatura e da nación galega”. A partir de aí, o volume artéllase de xeito desigual, eivado por un problema de partida, cal é a disparidade de rexistro entre aqueles estudos que poderíamos considerar máis académicos e aqueles outros que adoptan unha perspectiva máis subxectiva. Esta disparidade afecta, en primeiro lugar, á rendibilidade dos textos, xa que mentres que algúns acertan a compendiar con claridade o coñecemento relativo a algunhas das cuestións capitais da obra rosaliana (tal e como acontece co estudo que Iria Sobrino fai dos paratextos en tanto manifestos a prol dunha cultura da resistencia) ou a propor novas vías de análise arriscadas e poderosas (caso do de María do Cebreiro), outros non conseguen ir máis alá da glosa benintencionada, como sucede co texto de Nancy Pérez sobre o tema da emigración na poesía rosaliana. En segundo lugar, a diferente concepción xenealóxica das achegas que o volume nos ofrece tradúcese na desorientación dos receptores, que non saben moi ben que esperar da obra, nin que papel hermenéutico se lles adxudica: ante calquera texto, a dificultade á hora de definirmos o horizonte de expectativas aconséllanos, sempre, reducilas, e iso mingua o potencial anovador deste proxecto.

Esta heteroxénea orixe do material afecta de forma moi visible ao aparato crítico porque se, por unha banda, hai varios traballos que sinxelamente carecen del, en coherencia cunha orientación máis persoal (Daniel Salgado, Xabier Cordal), noutros a súa inexistencia resúltanos frustrante e réstalles utilidade: sen dúbida, os lectores interesados poderemos pescudar cales son as referencias dos traballos de Faingenbaum e Zanger citados por María do Cebreiro, ou os de Chandra Talpade Mohanty aos que alude María Reimóndez, pero agradeceríamos moito que se nos fornecesen as referencias exactas aínda que fose nunha bibliografía final. Moitas destas estudosas, quizais conscientes da eiva que a carencia dunha bibliografía organizada supón para



Imaxe incluída no volume *Rosalía 21*. // **Uqui Permui**

O volume artéllase eivado por un problema de disparidade entre os estudos que poderíamos considerar máis académicos e os que adoptan unha perspectiva subxectiva

un volume deste tipo, van deixando constancia ao longo das súas páxinas do título ao que se nos remite, pero en numerosas ocasións, e no traballo de María López Sandez de forma sistemática, a xinea académica deixa fonda pegada e velaí temos as páxinas sementadas de referencias autor-ano (do tipo “Alain Roger, 1997”) que non temos nin idea de con que corresponden. Nestes casos, o aparato crítico resulta ser xa non un valor engadido senón unha necesidade imperiosa.

Rosalía 21 quere abrirse (non podía ser doutro xeito) coas novidades biográficas achegadas por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda nos últimos anos, achegas que transformaron radicalmente o coñecemento que da autora e da súa peripecia vital temos. Mágoa que por problemas de saúde a estudiosa non puidese entregar o seu traballo, e o editor do volu-

me optase por escolmar algúns parágrafos de dous dos seus artigos. Digo mágoa porque tan escaso material ofrece unha visión limitada do alcance das investigacións de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, xa que fican á marxe cuestións como a adicación de Rosalía ao teatro como actriz amateur, o seu paso polo orfanato ou o testamento de seu pai, abordadas nas páxinas de publicacións como *Grial* ou a *Revista de estudos rosalianos*. Quizais se puido optar por outra fórmula, solicitando a alguén especialista na materia que realizase unha síntese de todas as novidades biográficas, e unha valoración de como estas afectan ao noso coñecemento da figura autorial. Algo semellante ao que Anxo Angueira fixo, con acerto aínda que sen afán de exhaustividade, coas distintas valoracións das que ao longo da historia foi merecente a obra rosaliana, e de como esas valoracións foron orientando os estudos sobre ela.

Salienta polo seu rigor a análise que María López fai de como a nosa percepción da identidade territorial galega se debe, en grande parte, ao tratamento rosaliano da paisaxe. A achega de María Reimóndez ao mundo das traducións rosalianas, dende as teorías feministas e poscoloniais da tradución, resulta novidosa e estimulante. Pola contra, queda curta a tentativa de desvelar o potencial feminista (e, polo tanto, transgresor) da obra rosaliana que emprende Iago Castro. Sen dúbida, é a de María do Cebreiro a colaboración máis audaz: a súa proposta está chamada a anovar radicalmente a noción de “sombra” estudándoa a partir da súa conexión cos procesos subxectivos de reflexividade, da súa dimensión como figura gnoseolóxica, e da paradoxal proxección cara ao infinito destes elementos. Aínda que só fose por iso, por conseguir des-negativizar un dos eixos fundamentais da poética rosaliana, esta *Rosalía 21* xa pagaría a pena.